4.6. <u>EFICACIA DOS EXTINTORES</u>




Contidos

- 4.7. UTILIZACIÓN DE LOS EXTINTORES
- 4.8. ETIQUETADO
- 4.9. INSTALACIÓN DE EXTINTORES
- 4.10. PROGRAMA DE MANTENIMIENTO
- 5. SISTEMAS FIXOS DE EXTINCIÓN**
 - 5.1. SISTEMAS DE BOCAS DE INCENDIO EQUIPADAS
 - 5.2. SISTEMAS DE HIDRANTES EXTERIORES
 - 5.3. SISTEMAS DE COLUMNA SECA (EDIFICIOS)
- 6. SISTEMAS AUTOMÁTICOS DE EXTINCIÓN**
 - 6.1. ROCIADORES AUTOMÁTICOS
 - 6.2. SISTEMAS DE AUGA PULVERIZADA E NEBULIZADA
 - 6.3. SISTEMAS POR ESPUMA
 - 6.4. SISTEMAS POR POLVO QUÍMICO
 - 6.5. SISTEMAS POR AXENTES GASEOSOS
- 7. MANTENIMIENTO DE LAS INSTALACIONES DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS**
- 8. SISTEMAS DE SEÑALIZACIÓN LUMINISCENTE**



4.9.f Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
SISTEMAS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Apuntamentos e presentación Powerpoint para explicar os contidos da unidade. ▪ Resolución das dúbidas relacionadas cos novos contidos na aula/videoconferencia 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Visualización dos vídeos explicativos da unidade. ▪ Cuestións teóricas sobre os contidos da unidade. ▪ Cuestionario tipo TEST. ▪ Elaboración dunha infografía que recolla os diferentes sistemas de extinción de incendios. ▪ Procura da normativa que regula as instalacións de protección contra incendios. ▪ Elaboración do plan de emerxencias (medios de extinción de incendios e o seu mantemento). ▪ Práctica de extinción de incendios coa colaboración dunha empresa de bombeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Revisión e calificación polo aula virtual dos cuestionarios e dos casos prácticos. ▪ Descrición dos medios de protección contra incendios da empresa do Plan de Emerxencias. ▪ Análise dos vídeos mostrados sobre instalacións de protección contra incendios ▪ Realización dun exercicio práctico de extinción de incendios con extintores y manguera en colaboración coa empresa SEGANOSA. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Medios audiovisuais con conexión a internet ▪ Apuntamentos e presentación dos contidos. ▪ Vídeos de sistemas de extinción de incendios. ▪ Normativa sobre instalacións de protección contra incendios. ▪ Colaboración cunha empresa de bombeiros para impartir a formación práctica. ▪ Aula virtual e Cisco Webex. ▪ Correo electrónico. 	<p>Proba escrita/oral</p> <p>Lista de cotexo</p>	20
TOTAL						20



4.10 Unidade didáctica 10. SISTEMAS DE DETECCIÓN E ALARMA

4.10.a Identificación da unidade didáctica

Nº	Título da UD	Duración
10	Sistemas de detección e alarma	10


4.10.b Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)	Completo (S/N)
<ul style="list-style-type: none">Analizar e realizar a extinción de incendios en situacións simuladas relacionando o equipo que hai que empregar co lugar e o tipo de combustión.	N

(*) No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

4.10.c Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
<ul style="list-style-type: none">Identificar os sistemas de detección y alarma explicando o seu funcionamento.Analizar a normativa que regula a instalación e mantemento dos sistemas de detección e alarma.	1	SISTEMAS DE DETECCIÓN E ALARMA	10




4.10.d Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos esixibles (S/N)	Peso na cualificación
<ul style="list-style-type: none">Identifícanse os distintos sistemas de detección e alarma explicando o seu funcionamento.Analízase a normativa que regula a instalación e mantemento dos sistemas de detección e alarma.	<ul style="list-style-type: none">Proba escrita/oralLista de cotexo.	S	90%
		N	10%


4.10.e Contidos

Contidos
<ol style="list-style-type: none">INTRODUCCIÓNSISTEMAS DE DETECCIÓN DE INCENDIOS<ol style="list-style-type: none"><u>CONCEPTO</u><u>COMPONENTES DO SISTEMA</u><u>DETECCIÓN HUMANA</u><u>DETECCIÓN AUTOMÁTICA</u><u>EXEMPLO DUNHA INSTALACIÓN DE DETECCIÓN AUTOMÁTICA</u>DETECTORES AUTOMÁTICOS DE INCENDIOS<ol style="list-style-type: none"><u>CONCEPTO</u><u>DETECTORES DE GASES DE COMBUSTIÓN IÓNICOS</u><u>DETECTORES ÓPTICOS DE FUME</u><u>DETECTORES TÉRMICOS</u><u>DETECTORES DE LLAMAS</u>NORMATIVA<ol style="list-style-type: none"><u>INSTALACIÓN OBLIGATORIA SEGÚN CTE</u><u>INSTALACIÓN OBLIGATORIA SEGÚN RSIEI</u>PROGRAMA DE MANTENEMENTO



4.10.f Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
SISTEMAS DE DETECCIÓN E ALARMA	<ul style="list-style-type: none"> Apuntamentos e presentación Powerpoint para explicar os contidos da unidade. Resolución das dúbidas relacionadas cos novos contidos na aula/videoconferencia 	<ul style="list-style-type: none"> Visualización dos vídeos explicativos da unidade. Cuestións teóricas sobre os contidos da unidade. Cuestionarios tipo TEST. Procura da normativa que regula os sistemas de detección e alarma. Elaboración dunha infografía que recolla os diferentes tipos de detectores e o seu funcionamento. Elaboración do plan de emerxencias (medios detección e alarma e o seu mantemento). 	<ul style="list-style-type: none"> Revisión e calificación polo aula virtual dos cuestionarios e dos casos prácticos. Traballo de grupo sobre instalación de sistemas de detección e alarma en establecementos no industriais e industriais Análise dos vídeos mostrados sobre sistemas de detección e alarma 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais con conexión a internet Apuntamentos e presentación dos contidos. Vídeos de sistemas de detección e alarma. Normativa sobre instalacións de protección contra incendios. Aula virtual e Cisco Webex. Correo electrónico. 	<p>Proba escrita/oral</p> <p>Lista de cotexo</p>	10
TOTAL						10



4.11 Unidade didáctica 11. ORGANIZACIÓN DOS PRIMEIROS AUXILIOS

4.11.a Identificación da unidade didáctica

Nº	Título da UD	Duración
11	Organización dos primeiros auxilios na empresa	5


4.11.b Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)	Completo (S/N)
<ul style="list-style-type: none">Actuar en primeiros auxilios de acordo ás observacións visuais e síntomas dos enfermos y accidentados	N

(*) No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

4.11.c Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
<ul style="list-style-type: none">Valorar a importancia dunha axeitada organización dos primeiros auxilios na empresa dispoñendo do material preciso e persoal formado.Coñecer as regras básicas que debe respetar todo socorrista.Identificar e recoñecer os signos vitais dunha vítima.	1	INTRODUCCIÓN AOS PRIMEIROS AUXILIOS	2
	2	VALORACIÓN PRIMARIA DA VÍTIMA	2
	3	FORMACIÓN E MATERIAL E PRIMEIROS AUXILIOS	1




4.11.d Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos esixibles (S/N)	Peso na cualificación
<ul style="list-style-type: none">▪ Valorouse a importancia dunha axeitada organización dos primeiros auxilios na empresa dispoñendo do material preciso e persoal formado.▪ Describíronse as regras básicas que debe respetar todo socorrista.▪ Identificáronse e recoñécense os signos vitais dunha vítima	Proba escrita/oral Lista de cotexo	S	30%
			30%
			40%


4.11.e Contidos

Contidos
<ol style="list-style-type: none">1. INTRODUCCIÓN2. CONCEPTO DE PRIMEROS AUXILIOS3. OBLIGACIÓN DE PRESTAR PRIMEIROS AUXILIOS4. CONDUCTA PAS5. DECÁLOGO PARA OS SOCORRISTAS6. VALORACIÓN PRIMARIA DA VÍTIMA<ol style="list-style-type: none">6.1. <u>QUÉ SON OS SIGNOS VITAIS?</u>6.2. <u>ANTE QUE TIPO DE SITUACIÓNS NOS PODEMOS ATOPAR?</u>6.3. <u>CADEA DE SUPERVIVENCIA</u>7. FORMACIÓN EN PRIMEIROS AUXILIOS NO ÁMBITO LABORAL8. MATERIAL E LOCAL DE PRIMEIROS AUXILIOS



4.11.f Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
INTRODUCCIÓN AOS PRIMEIROS AUXILIOS	<ul style="list-style-type: none"> Apuntamentos e presentación Powerpoint para explicar os contidos da unidade. Resolución das dúbidas relacionadas cos novos contidos na aula/videoconferencia 	<ul style="list-style-type: none"> Visualización dos vídeos explicativos da unidade. Cuestións teóricas sobre os contidos da unidade. Cuestionario tipo TEST. Resolución de situacións prácticas de aplicación da conducta PAS e valoración primaria da vítima. Procura da normativa sobre Organización de Primeiros Auxilios na empresa 	<ul style="list-style-type: none"> Revisión e calificación polo aula virtual dos cuestionarios e dos casos prácticos. Análise das situacións prácticas propostas Análise dos vídeos mostrados na aula Análise da normativa 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais con conexión a internet Apuntamentos e presentación dos contidos desta actividade. Vídeos Normativa formación e material de primeiros auxilios. Aula virtual e Cisco Webex. Correo electrónico 	Proba escrita/oral Lista de cotexo Observación	5
REGLA DE ORO "ABC"						
FORMACIÓN E MATERIAL E PRIMEIROS AUXILIOS						
TOTAL						5



4.12 Unidade didáctica 12. REANIMACIÓN CARDIOPULMONAR

4.12.a Identificación da unidade didáctica

Nº	Título da UD	Duración
12	Reanimación cardiopulmonar	10


4.12.b Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)	Completo (S/N)
<ul style="list-style-type: none">Actuar en primeiros auxilios de acordo ás observacións visuais e síntomas dos enfermos y accidentados	N

(*) No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

4.12.c Obxectivos específicos da unidade didáctica


Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
<ul style="list-style-type: none">Recoñecer a situación de parada cardiorespiratoria e o significado da cadea de supervivencia.Describir as actuacións a seguir en para realizar unha RCP básica tanto en persoas adultas como RCP pediátrica.	1	<ul style="list-style-type: none">PARADA CARDIORESPIRATORIA Y RCP BÁSICA	7



<ul style="list-style-type: none"> ▪ Describir as actuacións para realizar RCB básica con DESA e coñecer a normativa que regula o emprego do DESA en Galicia. ▪ Reflexionar sobre a importancia de saber como actuar e iniciar de xeito rápido e efectivo as actuacións pertinentes. 	2	<ul style="list-style-type: none"> • RCP CON DESA. NORMATIVA 	3
--	---	---	---

4.12.d Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado


Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos esixibles (S/N)	Peso na cualificación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificouse a situación de parada cardiorespiratoria e reflexionouse sobre a importancia de aplicar a cadea de supervivencia de forma inmediata. ▪ Descríronse as actuacións a seguir en caso de parada cardiorespiratoria para realizar unha RCP básica tanto en persoas adultas como RCP pediátrica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proba escrita/oral ▪ Lista de cotexo ▪ Observación 	S	40%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Descríronse as actuacións para realizar RCB básica con DESA e coñecer a normativa que regula o emprego do DESA en Galicia. 		S	40%
		N	20%



4.12.e Contidos


Contidos

1. INTRODUCCIÓN.
2. QUÉ É UNA PARADA CARDIORESPIRATORIA (PCR)?
3. CÓMO REALIZAR UNHA RCP BÁSICA?
4. QUÉ É A FIBRILACIÓN VENTRICULAR?
5. QUÉ É LA DESFIBRILACIÓN? DESFIBRILADORES SEMIAUTOMÁTICOS (DESA).ACTUACIÓN BÁSICA CON UN DESA.
6. NORMATIVA



4.12.f Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
PARADA CARDIORESPIRATORIA Y RCP BÁSICA.	<ul style="list-style-type: none"> Apuntamentos e presentación Powerpoint para explicar os contidos da unidade. Resolución das dúbidas relacionadas cos novos contidos na aula/videoconferencia Explicación práctica coa colaboración da Agrupación de Voluntariado VODEA da manobra de RCP. 	<ul style="list-style-type: none"> Visualización dos vídeos sobre actuación en PCR, incluíndo o protocolo de actuación en caso de dispor de DESA nas instalacións. Cuestións teóricas sobre os contidos da unidade. Cuestionario tipo TEST. 	<ul style="list-style-type: none"> Revisión e calificación polo aula virtual dos cuestionarios e dos casos prácticos. Análise dos vídeos mostrados na aula Sesións prácticas da manobra de RCP. 	<ul style="list-style-type: none"> Medios audiovisuais con conexión a internet Apuntamentos e presentación dos contidos desta actividade. Vídeos manobra de RCP. Aula virtual e Cisco Webex. Correo electrónico 	Proba escrita/oral Observación Lista de cotexo	7
RCP CON DESA. NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> Exercicios práctico de simulación da manobra de RCP. 				3
TOTAL						10



4.13 Unidade didáctica 13. TÉCNICAS DE SOCORRISMO

4.13.a Identificación da unidade didáctica

Nº	Título da UD	Duración
13	Técnicas de socorrismo	20

4.13.b Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)	Completo (S/N)
<ul style="list-style-type: none">Actuar en primeiros auxilios de acordo ás observacións visuais e síntomas dos enfermos y accidentados	N


(*) No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

4.13.c Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
<ul style="list-style-type: none">Coñecer como recoñecer segundo os síntomas da vítima as técnicas de socorrismo máis axeitada en cada caso.Describir as técnicas máis importantes de socorrismo dende o punto de vista dos primeiros auxilios.	1	TÉCNICAS DE SOCORRISMO	20

4.13.d Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado


Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos esixibles (S/N)	Peso na cualificación
-------------------------	----------------------------	-------------------------	-----------------------



Crterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos esixibles (S/N)	Peso na cualificación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Describíronse os pasos a seguir no tratamento das persoas accidentadas (posicionamento de enfermos, inmovilización...) ▪ Identificáronse as precaucións e medidas que cómpre tomar en caso de hemorraxias, queimaduras, fracturas, luxacións, lesións musculares, intoxicacións, atragoamento, corpos estraños. ▪ Realizáronse exercicios prácticos das técnicas de socorrismo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proba escrita/oral ▪ Observación ▪ Lista de cotexo 	S	30%
		S	30%
		S	40%


4.13.e Contidos

Contidos
<ol style="list-style-type: none"> 1. ACTUACIÓNS BÁSICAS ANTE GOLPES EFERIDAS. 2. ACTUACIÓNS BÁSICAS EN HEMORRAXIAS 3. ACTUACIÓNS BÁSICAS ANTE ESGUINCES, LUXACIÓN E FRACTURAS 4. ACTUACIÓNS BÁSICAS ANTE CORPOS EXTRAÑOS E ATRAGANTAMENTOS 5. ACTUACIÓN EN LESIÓN PRODUCIDAS POLO CALOR. QUEIMADURAS 6. ACTUACIÓN EN LESIÓN PRODUCIDAS POLO FRÍO. CONXELACIÓN 7. ACCIDENTES ELÉCTRICOS 8. INTOXICACIÓN COMÚNS 9. MOBILIZACIÓN DE VÍTIMAS.



4.13.f Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación


Que e para que	Como			Con que	Con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos de avaliación	
<p>TÉCNICAS DE SOCORRISMO</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Traumatismos</i> ▪ <i>Hemorraxias</i> ▪ <i>Queimaduras.</i> ▪ <i>Corpos estraños e atragoamento.</i> ▪ <i>Accidentes eléctricos</i> ▪ <i>Intoxicacións</i> ▪ <i>Mobilización de vítimas.</i> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Apuntamentos e presentación Powerpoint para explicar os contidos da unidade. ▪ Resolución das dúbidas relacionadas cos novos contidos na aula/videoconferencia ▪ Explicación práctica coa colaboración da Agrupación de Voluntariado VODEA de Vigo das diferentes técnicas de socorrismo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Vídeos as diferentes técnicas de socorrismo. ▪ Cuestiones teóricas sobre os contidos da unidade. ▪ Cuestionario tipo TEST. ▪ Exercicios práctico de simulación das técnicas de socorrismo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Revisión e calificación polo aula virtual dos cuestionarios e dos casos prácticos. ▪ Análise dos vídeos mostrados na aula ▪ Sesións prácticas de TÉCNICAS DE SOCORRISMO 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Medios audiovisuais con conexión a internet ▪ Apuntamentos e presentación dos contidos desta actividade. ▪ Vídeos técnicas de socorrismo. ▪ Aula virtual e Cisco Webex. ▪ Correo electrónico 	<p>Proba escrita/oral</p> <p>Observación</p> <p>Lista de cotexo</p>	20
TOTAL						20



5. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles establécense en cada unidade e podemos resumilos nos seguintes:

- Plans de Emerxencia
 - Concepto de emerxencia. Clasificación as emerxencias. A conduta PAS.
 - Situacións que requiren plan de emerxencia: emisións, fugas, vertidos, incendios e explosións.
 - Elaboración, implantación e mantemento de Plans de Emerxencia.
 - Grupos de intervención ante emerxencias
 - Lexislación vixente sobre situacións de emerxencia
 - Actuación fronte a situacións de emerxencia
 - Condicións de evacuación dos establecementos
 - Establecementos industriais. Clasificación
 - Protección civil: obxectivos y servizos.
- Loita contra incendios
 - Física - Química do lume
 - Atmosferas Explosivas (ATEX)
 - Normativa
 - Métodos de extinción do lume: axentes extintores
 - Protección pasiva
 - Sistemas de extinción, detección e alarma ante incendios.
- Primeiros auxilios
 - A conduta PAS: protexer, avisar e socorrer
 - Técnicas de socorrismo en traumatismos, hemorraxias, atragoamentos, queimaduras, intoxicacións..
 - Mantemento da caixa de emerxencias
 - Técnica de Reanimación Cardio-pulmonar




CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E EXAMES

A avaliación consiste en ir recollendo día a día información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe, por tanto, a avaliación ha de ser continua ao longo de cada trimestre.


Para avaliar a profesora vai utilizar diferentes **INSTRUMENTOS**:

☑ **PROBA ESCRITA** onde o alumnado reflectirá os contidos de tipo conceptual adquiridos. As probas terán unha duración máxima de 3 sesións e van orientadas a que o alumnado razoe sobre os contidos adquiridos. Os aspectos mais relevantes a ter en conta con respecto ás probas escritas son:

- Cada proba estará dividida en bloques segundo o seu contido. Os criterios de que se van a seguir no momento de corrixir os exames son os seguintes:
 - Con *CARÁCTER XERAL*, o alumno/a deberá coidar a presentación, orde e claridade nas respostas así como a necesidade de empregar con propiedade o vocabulario propio da materia e de evitar erros ortográficos. Unha mala presentación ou faltas de ortografía (máis de 5 faltas) no exame descontará como máximo 0,5 puntos da nota final.
 - Nas *PREGUNTAS CURTAS* valorarase especialmente a precisión e concisión na resposta; é dicir, contestar ao que se pregunta. A falta de xustificación ou dun exemplo nos casos nos que se pida considerárase como resposta incompleta e baixárase a puntuación.
 - Na *PREGUNTA DE DESENVOLVEMENTO*, ademais de considerar a medida en que se axusta ao contido da resposta ao que se pregunta, a valoración se graduará atendendo á claridade expositiva, a utilización axeitada dos conceptos fundamentais e o emprego do vocabulario específico do módulo. Tamén se valorará positivamente a elaboración dun esquema no que se resume o contido da resposta.
 - En caso de haber *PREGUNTAS TIPO TEST* as respostas incorrectas terán unha valoración negativa. Como ferramenta utilizarase a plataforma Moodle. As preguntas do cuestionario serán contestadas de forma secuencial non podendo volver atrás.
 - Na cualificación dos *PROBLEMAS*, *en caso de habelos*, en cada un dos apartados terase con conta non só o resultado acadado senón tamén o correcto desenvolvemento incluíndo as fórmulas empregadas e indicando as unidades correspondentes nos cálculos realizados. Se nun problema só se indica o resultado final non será valorado aínda que sexa correcto. Ademais, cada un dos apartados valoráranse de xeito independente, de modo que se está ben exposto, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos equivocados que fosen realizados en apartados anteriores. Para a realización dos cálculos permitírase empregar unha calculadora sinxela.



- Comunicaráselle ao alumnado, a través dun documento, a estrutura da proba e as normas para o seu desenvolvemento. O documento denominarase “*Instrucións da proba de avaliación*” e colgarase na aula virtual con carácter previo á realización da mesma.
 - Se un/ha alumno/a non pode asistir a un exame porque a data fixada para o mesmo coincide cun deber inescusable de carácter público e persoal, terá que xustificar debidamente a súa ausencia con algún documento oficial (parte do médico, asistencia a outro exame de carácter oficial, xulgados...) non sendo válidos os xustificantes asinados polos pais/nais en caso de menores de idade. Se está debidamente xustificado a profesora fixará outra data para a realización do exame.
 - Durante a realización das probas non se poderán empregar móbiles, tablets, reloxos intelixentes ou outros dispositivos análogos, debendo estes permanecer apagados ou en modo silencio. Devanditos dispositivos deberán permanecer nun lugar visible pola profesora durante a realización da proba.
 - En cada avaliación realizarase unha única proba. Na devandita proba o alumnado deberá obter como **mínimo un 4,5** e suporá o **70% da nota final**. Se o/a alumno/a non supera a nota mínima indicada terá que realizar unha proba de recuperación da avaliación/s suspensas. O alumnado con mais dunha avaliación suspensa terá que recuperar a totalidade do módulo.
- Revisión e cualificación dos **TRABALLOS** realizados polo alumnado tanto en el aula como en casa. Dita cualificación suporá el **30% de la nota final**. Todas as tarefas propostas (cuestionarios, casos prácticos, problemas, Plan de Emerxencias, elaboración de trípticos, carteis, infografías...) estarán recollidas na aula virtual e serán entregadas a través da propia aula virtual cando así se requira.
- Na realización dos diferentes **TRABALLOS** propostos ao longo do curso teranse en conta os seguintes aspectos:
- Cumprimento do prazo de entrega. Os traballos entregados fóra de prazo, agás motivo xustificado, non serán avaliados.
 - Presentación do documento: deseño de páxina (encabezado, pé de páxina, marxes, marca de auga, sangría, espaciado...), formato de letra, xustificación do texto, imaxes, utilización de recursos gráficos, emprego de listas numeradas ou con viñetas, inserir hipervínculos, táboas. Dependendo o traballo inserirse portada, índice e bibliografía se procede. Serán entregados en formato PDF. Na aula virtual publicarase un documento coas instrucións para a presentación dos documentos que servirá de guía ao alumnado.
 - Manexo do vocabulario propio da materia. Emprego da linguaxe inclusiva na redacción dos traballos.
 - Organización coherente do contido do traballo segundo os criterios indicados en cada actividade. Exactitude, claridade e precisión no contido do traballo. Achega de exemplos e/ou casos reais cando así se requira. O alumnado ha de ser capaz de relacionar as respostas cos contidos explicados na aula.
 - Aplicación e interpretación da normativa relacionada cos contidos do módulo.




- Na realización dos **PROBLEMAS** non só se terá en conta o resultado senón tamén a coherencia da formulación indicando as unidades nos cálculos realizados e interpretando os resultados acadados. Non se avaliarán aqueles problemas nos que só se indique o resultado final aínda que fora correcto.
- Emprego de ferramentas dixitais para a elaboración das tarefas propostas (Powtoon, Genially, Canva, Prezi, Wix...
- En cada unidade didáctica realizarase un **CUESTIONARIO DE PREGUNTAS BREVES**. Esta actividade realizarase de xeito individual no prazo indicado a través de Moodle. Non se permitirá entregar un cuestionario fora de prazo agás motivo xustifico.
- Nalgunhas unidades propoñeranse un **CUESTIONARIO tipo TEST** que se realizarán a través de Moodle preferentemente no horario de clase. O tempo será limitado e só admítase un intento. Propoñerase o mesmo cuestionario para todo o alumnado pero as preguntas serán visualizadas en diferente orde de forma aleatoria. Cada pregunta será contestada de xeito secuencial sen posibilidade de volver atrás. Soamente haberá unha resposta correcta. As preguntas contestadas de forma incorrecta poderán ser valoradas negativamente.
- Os **TRABALLOS EN EQUIPO** son para realizar no horario asignado ao módulo preferentemente na aula. Os equipos estarán formados por 2/3 persoas. A profesora valorará a implicación e compromiso de cada membro do equipo. En caso de falta de asistencia e/ou colaboración dalgún/ha alumno/a, a profesora poderá esixirle a dita persoa que presente o traballo individualmente.
- **PLAN DE EMERXENCIAS** é un traballo que se desenvolverá durante a 2ª – 3ª avaliación. Para a elaboración deste documento o alumnado terá que buscar unha empresa ou establecemento de pequeno tamaño da contorna (cafeterías, tendas de reprografía, taller mecánico, supermercados, clínicas, librería-papelería, ximnasio, academia...) e que cumpra os requisitos legais que obrigan á redacción do mesmo. Este traballo realizarase preferentemente en equipos de 2/3 persoas.

As visitas á empresa terán que realizarse fóra do horario do módulo de Emerxencias.

Na aula virtual o alumnado disporá de material de consulta xunto cos apuntamentos e presentacións de cada unidade do módulo. Para a súa elaboración respectarase a estrutura do documento e as indicacións proporcionadas pola profesora a través da aula virtual.

Establecerase un **calendario de entregas** indicando os apartados que teñen que estar elaborados. Ditas entregas serán a través da aula virtual en formato PDF nun único arquivo. Deste xeito a profesora poderá ir revisando o progreso na redacción do documento e facendo aportacións oportunas.

O documento enviarase nas datas indicadas para a súa revisión. Se algún equipo non entrega na data establecida terá que esperar ata a seguinte data de entrega.



Como no resto de traballos en equipo que se desenvolvan ao longo do curso, no caso de falta de asistencia e/ou colaboración dalgún/ha alumno/a, a profesora poderá esixirlle a dita persoa que presente o traballo individualmente dunha empresa ou establecemento diferente. A profesora tamén poderá valorar cualificar o traballo do Plan de Emerxencias de xeito individual tendo en conta a aportación de cada membro do equipo.

A profesora empregará unha rúbrica para a cualificación do Plan de Emerxencias que estará publicada na aula virtual.


A entrega do PLAN DE EMERXENCIAS é obrigatoria para a superación do módulo. Este traballo cualificarase no momento da entrega final na 3ª avaliación.

- Na parte **práctica de extinción de lume e primeiros auxilios** valorarase a aplicación dos contidos teóricos explicados na aula.

Para determinar a **NOTA DE AVALIACIÓN** calcularase o 70% da cualificación obtida na proba escrita (esixindo unha *nota mínima de 4,5*) e o 30 % da cualificación media dos traballos entregados durante cada avaliación. Para superar cada avaliación é necesario obter unha *cualificación mínima de 5*.

A **NOTA FINAL DO MÓDULO** obterase do seguinte xeito:

- 70% da cualificación media das **probos escritas** realizadas en cada avaliación. Se nalguna avaliación non se acadou a *nota mínima de 4,5* terase que facer unha proba de recuperación da avaliación/s suspensa/s. *O alumnado con mais dunha avaliación suspensa terá que recuperar a totalidade do módulo.* Dado que na 3ª avaliación o alumnado cunha cualificación igual ou superior a 5 considerase que aprobou o módulo e a súa nota non se pode modificar na avaliación final, o/a alumno/a que non superara a/s proba/s escrita/s terá como cualificación máxima un 4. O alumnado afectado terá dereito a un período de recuperación entre a 3ª avaliación e a final.
- 30% da cualificación obtida en todos os **traballos** entregados polo alumnado ao longo do curso incluíndo o Plan de Emerxencias. Para determinar dita cualificación terase en conta que o Plan de Emerxencias suporá un 40% mentres que o resto dos traballos (cuestionarios individuais, cuestionarios tipo test, traballos en equipo) representará o 60%.
- Para superar o módulo o/a alumno/a terá que obter unha **cualificación mínima de 5** tendo en conta tanto as probas escritas como os traballos entregados.



6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.1 Procedemento para definir as actividades de recuperación


- Na aula virtual o alumnado que teña o módulo suspenso ao final da 3ª avaliación ten acceso a actividades interactivas que poderá realizar.
- No mes de xuño haberá un exame de recuperación da avaliación ou avaliacións suspensas. O alumnado con mais dunha avaliación suspenso terá que recuperar a totalidade do módulo. A proba escrita estará dividida en bloques e o alumnado terá que obter como mínimo o 40% da puntuación asignada a cada bloque para superar a proba. Ademais esixirase unha cualificación total como mínimo dun 4,5.
- Para determinar a **NOTA FINAL DO MÓDULO** se terán en conta os criterios de avaliación explicados anteriormente.

6.2 Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

En caso de **PERDA DE AVALIACIÓN CONTINUA**, o/a alumno/a seguirá tendo dereito a asistir as clases e presentar os traballos que se requiran incluído o Plan de Emerxencias a través da aula virtual. Estes traballos serán tidos en conta de cara a avaliación final de módulo.

Para a superación do módulo teranse en conta os seguintes aspectos:

- O/a alumno/a terá que presentarse a un único EXAME FINAL DE PERDA DE AVALIACIÓN CONTINUA de todos os contidos impartidos ao longo do curso no mes de xuño. O exame estará dividido en bloques e o alumnado terá que obter como mínimo o 40% da puntuación asignada a cada bloque para superar a proba. Ademais esixirase unha cualificación total como mínimo dun 4,5.
- Entrega de xeito individual de todos os traballos propostos no módulo ao longo do curso incluído o Plan de Emerxencias dunha empresa da contorna no prazo indicado e seguindo as indicacións fixadas a través da aula virtual. **A entrega do PLAN DE EMERXENCIAS é obrigatoria.**
- Para determinar a **NOTA FINAL DO MÓDULO** teranse en conta os mesmos criterios de cualificación explicados anteriormente.



6.3 Procedemento de recuperación do módulo pendente

No caso de que un/ha alumno/a pase a 2º curso do ciclo co módulo de Emerxencias pendente teranse en conta os seguintes aspectos:

- A profesora responsable do módulo poñerase en contacto co/a alumno/a para establecer un plan de recuperación do módulo.
- Establecerase unha hora de tutoría coincidindo coa hora xa establecida no horario para resolver dúbidas e revisar actividades feitas polo alumno/a.
- Ter en conta o informe de avaliación para determinar as partes que ten que recuperar o alumno/a

Para determinar a **NOTA FINAL DO MÓDULO** teranse en conta os seguintes aspectos:

⇒ **PROBAS ESCRITAS**. A profesora realizará un mínimo de 2 probas escritas informando ao alumnado afectado do contido de cada proba mediante un plan de recuperación que se publicará na aula virtual. Cada proba poderá estar dividida en bloques e o alumnado terá que obter como mínimo o 40% da puntuación asignada a cada bloque para superalos. O/s bloque/s non superado/s serán incluídos nunha proba final que só terá que facer o alumnado afectado. Para superar as probas escritas o alumnado deberá obter como mínimo unha cualificación de 4,5 en cada unha delas.

⇒ **TRABALLOS**. Na aula virtual o alumnado dispón de actividades interactivas para axudarlles a preparar os contidos do módulo e terán carácter voluntario.


O alumnado que non superou o Plan de Emerxencias en cursos anteriores terá que elaborar dito documento podendo tomar como referencia a mesma empresa do Proxecto Integrado e coordinándose coa profesora que imparte dito módulo. A entrega do Plan de Emerxencias é obrigatoria para a superación do módulo.

⇒ No caso do alumnado que estea obrigado a presentar o Plan de Emerxencias, a cualificación media das **probas escritas** representan un **70% da nota final do módulo** mentres que a cualificación do **Plan de Emerxencias** suporá **30% da nota final**.

⇒ No caso de alumnado que xa teña superado o Plan de Emerxencias a nota final do módulo será a cualificación media das probas realizadas.

⇒ Para superar o módulo o/a alumno/a terá que obter una **nota final mínima de 5**.

No caso de **non superar o módulo no mes de marzo**, o alumnado terá dereito a unha única proba no mes de xuño coincidindo co exame final do módulo e aplicaranse os mesmos criterios xa explicados.



7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación poderá ser consultada polo alumnado a través dun arquivo publicado na aula virtual (curso EMERXENCIAS). Neste arquivo se recolle un resumo desta programación no que ademais se recolle as datas das probas escritas e a temporalización por avaliacións. A programación, como guía que se vai seguir no proceso de ensino aprendizaxe no período dun curso académico e como garantía para o alumnado, debe ser cumprida integramente.

Sen embargo, como elemento vivo que é, estará sometida a adaptacións no tempo e nos contidos que, ao longo dos anos irán dando a medida das correccións que se deban introducir para que cumpra mellor a súa función. Neste senso cómpre que o profesorado estableza un procedemento de seguimento da programación que ten que basearse na revisión semanal de si os contidos e as tarefas propostas se están cumprindo segundo a previsión establecida. No caso de establecer modificacións, estas deben ser recollidas e posteriormente incorporadas á Memoria de Fin de Curso.


Estas modificacións non deben ter a súa orixe só nos criterios do docente senón que este deberá considerar outros elementos á marxe da propia experimentación, facilitando a participación ao alumnado para que exprese o seu grado de satisfacción co sistema seguido para acadar os obxectivos establecidos.

Algúns dos aspectos que a profesora deberá considerar na autoavaliación da práctica docente son:

- Organización e coordinación co profesorado do ciclo formativo.
- Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do alumnado
- Grao de motivación dos alumnos nas actividades propostas polo profesor
- Planificación das tarefas: distribución e dotación de medios e tempos
- Ambiente de traballo, relación entre os alumnos, e entre alumnado e o profesor.
- Tics: uso e manexo por parte do alumnado e do profesor.
- Habilidades de comunicación verbal e non verbal na transmisión dos contidos
- Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregados.

Como instrumentos para avaliar a práctica docente poderanse utilizar:

- Cuestionarios anónimos
- Informes dos traballos en equipo.
- Notas recollidas na realización de tarefas.
- Entrevistas con alumnado e profesorado.
- Debates.
- Resultados do proceso de aprendizaxe nas avaliacións trimestrais e na final.



8. Medidas de atención á diversidade

8.1 Procedemento para a realización da avaliación inicial

Avaliación Inicial

A avaliación inicial ten como obxectivo identificar os coñecementos, destrezas e competencias previas coas que conta o alumnado antes de comezar a traballar os contidos do módulo. Consideraranse os estudos previos, a experiencia profesional e as vivencias en relación aos contidos de cada Unidade.

Avaliación Formativa

Desenvólvese ó longo de todo o proceso formativo do alumno co obxecto de coñecer a súa evolución, determinar se se están a conseguir os obxectivos marcados, e reorientar e mellorar a actuación na aula. Tanto dende o punto de vista legal como pedagógico, a avaliación ha de ser continua para así garantir a consecución dos obxectivos.

Avaliación Final

Na avaliación dos alumnos e alumnas e na configuración da súa cualificación definitiva teranse en conta, ademais dos exames corrixidos conforme a criterios obxectivos, a participación do alumno/a, a asiduidade –preceptiva e necesaria- e a actitude na clase. De tal maneira que todos estes elementos configuren valores a considerar e non só o exame.


Procedementos para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das aulas, no momento de cubrir as fichas persoais dos alumnos, realizarase unha valoración de cada un deles, a partir dos datos académicos e de experiencia profesional, que facilite ao profesor ou profesora. A tal fin, ao inicio de curso, o profesor coordinarse co titor do curso anterior e con outros profesores que traballen co grupo para recoller información sobre os coñecementos previos do alumnado. Valorará a información dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada e consultará co departamento de Orientación en caso de detectar alumnos con necesidades educativas especiais ou que requiran apoio educativo específico

En cada Unidade Didáctica realizarase un suposto práctico ou un cuestionario inicial que indique o nivel de coñecementos do alumnado a respecto da materia a impartir, téndoo en conta para adecuar os medios didácticos a utilizar.

8.2 Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie de circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais e laborais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, interese persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, orixe nacional ou étnico diferenciados, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras.



Tomando en consideración o establecido pola LOE e polo Decreto 114/2010 respecto á atención á diversidade, cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:

- Medidas de acceso ao currículo para alumnos con deficiencias sensoriais ou físicas: entrega do material cun tamaño de fonte máis grande ou en soporte informático; permitirlles realizar exercicios, supostos e exames co emprego do ordenador e ferramentas informáticas.
- Agrupamentos heteroxéneos: á hora de traballar en equipo, estes serán formados por alumnos con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que os alumnos se axuden entre si.
- Actividades de ampliación e de investigación para aqueles alumnos que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das Tics e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade sociolaboral.
- Medidas de reforzo educativo, tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos mínimos; modificación da localización do alumno en clase; repetición individualizada dalgunhas explicacións ou potenciación da participación do alumno e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.


9. Aspectos transversais

9.1 Programación da educación en valores

A LOE contempla na súa relación de principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común.

Con esta referencia legal, debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal a medida que imos abordando as distintas unidades didácticas do módulo..

Con cada unha das conmemoracións establecidas no Calendario Escolar poderase programar puntualmente actividades, temas ou charlas que, en colaboración coas establecidas pola Dirección do Instituto, contribúan a lograr os obxectivos marcados en relación coas mesmas. Prestarase especial atención á celebración da Constitución, Día do traballo, Día do Consumidor, Saúde, Medioambiente, Letras Galegas. En especial no noso ciclo formativo o **Día da Seguridade e Saúde no traballo**.



9.2 Actividades complementarias e extraescolares

Propóñense as seguintes actividades para realizar ao longo do curso:

- Prácticas de loita contra o lume: coa colaboración dunha institución especializada en formación de loita contra o lume e tendo en conta as dispoñibilidades financeiras do Instituto realizaranse unhas 4 horas de prácticas con equipos de extinción de incendio e de técnicas de loita contra o lume no mes de xuño.
- Primeiros Auxilios: coa colaboración da asociación VODEA, realízase unha xornada práctica de atención a persoas feridas ou que sofren un agravamento dalgunha enfermidade no posto de traballo: conducta PAS, valoración primaria e secundaria da vítima, reanimación cardio-pulmonar, emprego do DESA, actuación ante atragoamentos, traumatismos, hemorraxias, queimaduras, intoxicacións, mobilización de vítimas. Esta actividade realizarase ao final do curso académico (1ª semana do mes de xuño).
- Visita a algunha empresa do entorno para coñecer a organización das emerxencias e os medios dos que dispón a empresa.
- Visita a AXEGA (Axencia Galega de Emerxencias) para coñecer a súa labor na xestión das emerxencias en Galicia.

10. Metodoloxía


Para esta materia dispónse dunha AULA VIRTUAL aloxada na páxina web del IES POLITÉCNICO de Vigo:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iespolitecnicovigo/aulavirtual/>

Cada alumno/a terá que matricularse no módulo aloxado na aula virtual do centro para poder descargar todo o material empregado neste módulo e subir los traballos realizados. Nos primeiros días de clase ao inicio do curso a profesora explicará como realizar este proceso.

Para cada unidade didáctica, el alumnado dispoñerá de todo material empregado para la impartición del módulo:

- Apuntamentos (documento Word) e Presentación Powerpoint
- Vídeos explicativos
- Foro de dúbidas
- Actividades
- Material complementario: Normativa, páxinas web de consulta, artigos técnicos...



Para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe aplicarase a seguinte metodoloxía:

- ➔ Ao comezo de cada unidade didáctica, la profesora fará unha INTRODUCCIÓN dos novos contidos na aula.
- ➔ A profesora explicará na aula os contidos do módulo empregando unha presentación que contén vídeos, infografías, artigos, normativa ...
- ➔ O alumnado poderá visualizar desde a súa casa os VÍDEOS EXPLICATIVOS de dita unidade didáctica. Ademais, o alumnado ten que descargar os apuntamentos e a presentación da unidade nos que se basea o vídeo explicativo.
- ➔ Na aula resolveranse as dúbidas que poidan xurdir esperando unha participación activa do alumnado tras a previa visualización dos vídeos.
- ➔ Ademais, a través do aula virtual, habilitarase un FORO DE DEBATE para cada unidade didáctica para resolver dúbidas ou calquera cuestión de interese relacionada cos contidos da unidade. Neste foro pode intervir no só a profesora senón todo o alumnado do módulo.
- ➔ En cada unidade didáctica propoñeranse diversas tarefas (questionarios, casos prácticos, elaboración de infografías, presentacións, carteis, redacción de documentos) para comprobar a adquisición dos novos contidos.

Vigo, 18 de setembro de 2023

Asdo. : Isabel Rodríguez Pérez